

GRAVANDO ●

Teatro
do Ar

NIGRÁN
Español - Gallego

SOMOSTERRA



CONCURSO DE VÍDEO E FOTOGRAFÍA LITERARIA OLLO CON NIGRÁN

DÚAS MODALIDADES

FOTOGRAFÍA E VÍDEO

MÁIS DE 1.000 EUROS EN PREMIOS

PARA CONSUMIR NO COMERCIO LOCAL

TRES CATEGORÍAS

PRIMARIO - ESO E

BACHARELATO E ADULTOS

INSCRIPCIÓN



Teatro do Ar e SomosTerra, en colaboración co Concello de Nigrán, convocan a terceira edición do concurso "Ollo con Nigrán", para potenciar a creación artística en lingua galega, divulgar a gran riqueza natural do noso municipio e facernos reflexionar sobre a importancia de coidala.

CATEGORÍAS

O certame estará constituído por tres categorías segundo a idade das persoas participantes:

- *Categoría Estelas: Nenos e nenas de Nigrán nadas no ano 2013 ou posteriores*
- *Categoría Lourido : Mozos e mozas de Nigrán nadas entre o ano 2007 e 2012*
- *Categoría Monteferro: Persoas nadas antes do ano do 2007*

MODALIDADES

O certame estará constituído por dúas modalidades:

- *Fotografía Literaria: consistirá nunha fotografía dun lugar de Nigrán acompañada dun poema, dun microrrelato ou dunha obra de teatro*
- *Vídeoliterario: consistirá nun vídeo de menos de 120 segundos (dous minutos) gravado en Nigrán e con temática aberta.*

PARTICIPACIÓN

Modalidade videolitearia:

Os vídeos serán creacións de non máis de 120 segundos (2 minutos) onde se mostrará a natureza de Nigrán e se contará un microrelato, un poema ou unha obra de teatro.

Os textos dos poemas, microrrelatos e obras de teatro deben ser orixinais e a súa autora ou autor debe ser membro do equipo que produza o vídeo.

As obras poderán incluír calquera outro tipo de imaxes ou música sempre e cando non atenten contra a dignidade ou liberdade de calquera persoa ou grupos e non vulneren ningunha lei de propiedade intelectual. As e os autores responsabilizaranse de calquera reclamación de terceiros ao respecto deste punto.

Os e as participantes poderán presentar tantas obras como desexen sendo o único requisito que sexan gravados na natureza de Nigrán. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, non publicados en ningún formato con anterioridade á resolución do certame. Teatro do Ar, SomosTerra e o Concello de Nigrán reservarase o dereito da publicación das obras sen ter que facilitar xustificación ningunha.


Modalidade fotografía:

As fotografías deben ter unha resolución adecuada para a súa visualización e deben mostrar a natureza de Nigrán. Deben ir acompañadas dun poema, microrrelato, conto ou pequena obra de teatro.

Os textos dos poemas, microrrelatos e obras de teatro deben ser orixinais e a súa autora ou autor debe ser membro do equipo que produza a imaxe.

As obras poderán incluír calquera outro tipo de imaxes sempre e cando non atenten contra a dignidade ou liberdade de calquera persoa ou grupos e non vulneren ningunha lei de propiedade intelectual. As e os autores responsabilizaranse de calquera reclamación de terceiros ao respecto deste punto.

Os e as participantes poderán presentar como máximo 5 fotografías sendo o único requisito que sexan sacadas na natureza de Nigrán. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, non publicados en ningún formato con anterioridade á resolución do certame. Teatro do Ar, SomosTerra e o Concello de Nigrán reservarase o dereito da publicación das obras sen ter que facilitar xustificación ningunha.



PRESENTACIÓN DAS OBRAS

Modalidade vídeo

O vídeo que se envíe terá que ser gravado en horizontal e presentado nun formato compatible coa súa proxección (preferiblemente MP4). Non ocupará máis de 100 MB e ha de ter unhas condicións óptimas de son e imaxe que permitan a súa adecuada proxección (audio correcto, calidade de imaxe suficiente). Os vídeos deben estar listos para publicar sen necesidade ningunha de edición ou mellora por parte da organización.

A inscrición será a través do SEGUINTE FORMULARIO que estará dispoñible nas páxinas webs e redes sociais de Teatro do Ar e SomosTerra.

Nas inscricións haberá que engadir os seguintes arquivos:

- Título da obra.mp4 (máximo 64 MB)*
- Título da obra PLICA.pdf*
- Título da obra TEXTO.pdf*

Calquera creación que non cumpra con estes requisitos quedará excluída do certame.

A plica incluirá:

- Nome e apelidos das autoras e/ou autores das obras, dirección, email, teléfono de contacto, nº de DNI ou NIE e data de nacemento.*
- O pseudónimo baixo o que presenta.*
- Un escrito certificando que as obras son inéditas e orixinais, non premiadas en outros certames e que se ceden os dereitos de reprodución dos vídeos na web e redes sociais de Teatro do Ar, SomosTerra e Concello de Nigrán.*
- Para as autoras e autores menores de idade, debe mandarse unha autorización dos titores legais para participación neste concurso, o uso da súa imaxe se é o caso e a reprodución do vídeo na web e en redes sociais. Indicarase o nome completo e número de DNI ou NIE dos titores legais.*

Modalidade FOTOGRAFÍA

A fotografía que se envíe terá que ser sacada en horizontal e presentada nun formato compatible coa súa proxección (preferiblemente JPG ou PNG). Non ocupará máis de 100 MB e ha de ter unhas condicións óptimas que permitan a súa adecuada proxección. As imaxes deben estar listas para publicar sen necesidade ningunha de edición ou mellora por parte da organización.

A inscrición será a través do SEGUINTE FORMULARIO que estará dispoñible nas páxinas webs e redes sociais de Teatro do Ar e SomosTerra. Nas inscricións haberá que engadir os seguintes arquivos:

- Título da obra.jpg (máximo 64 MB)*
- Título da obra PLICA.pdf*
- Título da obra TEXTO.pdf*

Calquera creación que non cumpra con estes requisitos quedará excluída do certame.

A plica incluirá:

- Nome e apelidos das autoras e/ou autores das obras, dirección, email, teléfono de contacto, nº de DNI ou NIE e data de nacemento.*
- O pseudónimo baixo o que presenta.*
- Un escrito certificando que as obras son inéditas e orixinais, non premiadas en outros certames e que se ceden os dereitos de reprodución dos vídeos na web e redes sociais de Teatro do Ar, SomosTerra e Concello de Nigrán.*
- Para as autoras e autores menores de idade, debe mandarse unha autorización dos titores legais para participación neste concurso, o uso da súa imaxe se é o caso e a reprodución do vídeo na web e en redes sociais. Indicarase o nome completo e número de DNI ou NIE dos titores legais.*

Premio do público

Nesta edición do certame entregaremos un premio do público baseado nas fotografías con máis “me gusta” na rede social de Instagram.

Cómpre ser seguidor/a de @Teatrodoar e de @cooperativasomosterra. As mensaxes publicaranse directamente no perfil de cada un mencionando para o concurso a @teatrodoar e @cooperativasomosterra. Tamén se debe utilizar o #OllaconNigrán. No texto indícarase en primeiro lugar un cancelo que recolla o título e despois o microrrelato, poema ou obra de teatro. Ao final da publicación, engadirase o cancelo #Teatrodoar #SomosTerra, #ConcellodeNigran e #OllaconNigran. Etiquetaranse tamén dúas amizades de Instagram.

A organización seleccionará as tres imaxes con máis “likes” en Instagram o 08 de marzo de 2024 e logo será o xurado o que decida a imaxe e texto gañadora.

PRAZO

O prazo de presentación das obras remata o sábado 8 de marzo ás doce da noite (24.00 h).

XURADO

O xurado será elixido por Teatro do Ar e SomosTerra e a súa decisión será inapelable.

A efectos de adxudicación dos premios o xurado valorará, ademais da calidade dos traballos, o uso que se fai da natureza, que a mensaxe fomente o coidado do noso medio, o crecemento sostible e a importancia da natureza, a calidade da lingua empregada atendendo tanto á ortografía como á sintaxe e ao léxico, o seu carácter construtivo e pedagóxico (linguaxe non discriminatoria, linguaxe non sexista...), dicción, dramatización e espontaneidade...

PRESELECCIÓN

O xurado será o encargado de facer a preselección dos vídeos finalistas que serán notificados pola organización antes do día 13 de marzo.

DITAME

O ditame do xurado farase público nunha gala de entrega de premios o domingo 16 de marzo ás 19.00 horas no Auditorio do Concello de Nigrán.

PREMIOS

MODALIDADE VÍDEO - HABERÁ UN PREMIO ÚNICO POR CATEGORÍA

CATEGORÍA ESTELAS

NENOS E NENAS DE NIGRÁN NADAS NO ANO 2013 OU POSTERIORES




OURO	PRATA
100 €	50 €

EN VALES PARA GASTAR NO
COMERCIO DO VAL DE MIÑOR

CATEGORÍA LOURIDO

MOZOS E MOZAS DE NIGRÁN NADAS ENTRE O ANO 2007 E 2012




OURO	PRATA
100 €	50 €

EN VALES PARA GASTAR NO
COMERCIO DO VAL DE MIÑOR

CATEGORÍA MONTEFERRO

PERSOAS NADAS ANTES DO ANO DO 2007



OURO	PRATA
200 €	100 €

MODALIDADE FOTOGRAFÍA

CATEGORÍA ESTELAS

NENOS E NENAS DE NIGRÁN NADAS NO ANO 2013 OU POSTERIORES




OURO	PRATA
100 €	50 €

EN VALES PARA GASTAR NO
COMERCIO DO VAL DE MIÑOR

CATEGORÍA LOURIDO

MOZOS E MOZAS DE NIGRÁN NADAS ENTRE O ANO 2007 E 2012



OURO	PRATA
100 €	50 €

**EN VALES PARA GASTAR NO
COMERCIO DO VAL DE MIÑOR**

CATEGORÍA MONTEFERRO

PERSOAS NADAS ANTES DO ANO DO 2007



OURO	PRATA
200 €	100 €

**EN VALES PARA GASTAR NO
COMERCIO DO VAL DE MIÑOR**

O PREMIO DO PÚBLICO CONSISTIRÁ NUN VALE DE 100 EUROS PARA GASTAR NO COMERCIO LOCAL QUE SE APUNTE AO CONCURSO

